



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Exposición pública da matrícula provisional de obrigados e exentos do imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio 2026

EDICTO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MATRÍCULA PROVISIONAL DE OBRIGADOS E EXENTOS DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO: 2026.-

Elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria a MATRÍCULA PROVISIONAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS correspondente ao ano 2026, e remitida ao Concello da Coruña, estará a disposición do público no Departamento de Facenda do Servizo de Xestión Tributaria, localizado no primeiro andar do edificio dos Servizos Económicos do Concello, na rúa da Franxa, núm. 20, durante o PRAZO DE QUINCE DÍAS NATURAIS que comezará desde a publicación do presente anuncio, segundo o establecido no artigo 3 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se ditan as normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

Contra a matrícula cabe interpor, no PRAZO DUN MES a contar desde o día inmediato seguinte ao do termo do período de exposición pública, recurso de reposición potestativo ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou directamente reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional, igualmente no dito prazo, sen que se poidan simultanear ambos recursos (artigo 91 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e artigo 4 d Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 1 de abril de 2026

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratégica

2026/2089